



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Deseño de proxectos e traballos de investigación		Código	615525029	
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	3	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Fernández Suárez, Mónica Belén		Correo electrónico	belen.fernandez.suarez@udc.es	
Profesorado	Fernández Suárez, Mónica Belén		Correo electrónico	belen.fernandez.suarez@udc.es	
Web					
Descrición xeral	O obxectivo xeral desta materia reside en alcanzar unha comprensión profunda da estrutura lóxica e metodolóxica dun proxecto de investigación, sendo capaces de interpretar e analizar os resultados, así como transmitilos por escrito e oralmente cunha linguaxe adecuada e profesional. Para iso percorreren mediante exercicios prácticos todas e cada unha das fases da investigación, desde a formulación do problema ata a redacción do informe final e a presentación pública dos resultados.				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social.
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.
A3	CE3 - Deseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A4	CE4 - Recompilar e interpretar a información suficiente para chegar a diagnósticos fiables sobre os riscos de exclusión e os factores de vulnerabilidade social.
A5	CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinación social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural.
B3	CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados.
B5	CB5 - Comunicar con claridade os coñecementos e problemas científicos sobre os que se traballa tanto a un público non experto como de especialistas.
B6	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou a aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B15	CX3 - Deseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.
B17	CX5 - Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das ciencias sociais.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 -Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Formular un proxecto de investigación, cunha comprensión profunda da súa estrutura lóxica e metodolóxica	AM1 AM3 AM4 AM5	BM3 BM6 BM13 BM15	CM3 CM5 CM7
Deseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.		BM15	
Redactar informes de resultados de investigación cunha linguaxe axeitada e profesional	AM1 AM2 AM4 AM5	BM5 BM6 BM17	CM5 CM6
Preparar unha presentación pública dos resultados da investigación	AM1 AM2	BM5 BM17	CM6 CM7
Deseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.	AM1 AM2 AM4 AM5	BM5 BM6 BM17	CM5 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A formulación da investigación e o seu proceso I	<ul style="list-style-type: none"> - A identificación do problema de investigación. - Teorías de alcance intermedio. - Requisitos iniciais dunha investigación social.
Tema 2. A formulación da investigación e o seu proceso II (o anteprojecto)	<ul style="list-style-type: none"> - Elección de tema de interese. - Definición dun tema de investigación (perspectiva, obxectivos, tipos e enfoque). - Viabilidade, xustificación e impacto da investigación.
Tema 3. A formulación da investigación e o seu proceso III (o proxecto)	<ul style="list-style-type: none"> - Marco teórico. - Hipóteses. - A elección metodolóxica. - Análise de resultados. - Conclusións. - Bibliografía. - Outras consideracións
Tema 4. Aplicación e realización de traballo de campo nun proceso de IAP	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicación de técnicas de investigación no coñecemento da realidade. - Realización de traballo de campo e observación. - Aplicación dun enfoque interseccional ás problemáticas sociais analizadas.
Tema 5. Presentación de resultados	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos informáticos para a preparación de presentacións - Técnicas de presentación oral - Devolución de los resultados a la comunidad analizada

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A1 B3	10	0	10
Investigación (Proxecto de investigación)	A2 B6 B13 C3 C5 C7	10	0	10
Aprendizaxe servizo	A3 A4 A5 B6 B13 B15 B17 C7	6	35	41
Presentación oral	B5 B17 C6	4	6	10



Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral por parte do profesorado dos aspectos fundamentais da materia. As exposicións complementaranse co uso de medios audiovisuais, lecturas e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos/ás estudantes. O material das sesións maxistras porase a disposición na plataforma virtual da materia para o alumnado en liña e presencial. Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respetando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.
Investigación (Proxecto de investigación)	O alumnado levará a cabo unha investigación grupal que consista no deseño dunha investigación, e centrarse na aplicación de ferramentas e técnicas de análise para a diagnosis dunha realidade social. Despois dunha primeira fase de identificación do tema/problemática e as técnicas a emplear, que se fará na asignatura de "Deseño de proxectos e traballos de investigación", na materia "Taller de Actualización e Transferencia"; levarase a cabo a investigación complementándoo co feito previamente. Trátase dun traballo acompañado e dirixido que realizarase en gran parte na aula.
Aprendizaxe servizo	Proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto onde o alumnado aprende a traballar sobre necesidades reais da contorna co fin de melloralas. Ten unha tripla intencionalidade: pedagóxica, solidaria e reflexiva. En colaboración con Arquitectura sen Fronteiras, no curso 23-24, os proxectos da asignatura terán como fío condutor a reivindicación dun hábitat digno e coidador. Tomando o barrio de Agra de Orzán como contexto sobre o que investigar, os grupos de estudantes deseñarán os seus proxectos sobre temáticas relacionadas, realizarán un diagnóstico participativo en colaboración coa veciñanza, e idearán propostas transformadoras que faciliten os coidados no espazo urbano.
Presentación oral	A presentación oral e exposición e argumentación dos traballos realizados é unha parte básica e moi importante do proceso formativo. Polo tanto, o alumnado ao finalizar a asignatura realizará unha breve exposición do traballo realizado, resaltando as partes máis importantes e significativas da exposición realizada.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Investigación (Proxecto de investigación)	Levarase a cabo un seguimento personalizado dos traballos realizados polo alumnado, tanto nas sesións de traballo que se desenvolvan en clase, nas saídas de campom, como en horario de titorías. No caso do alumnado da modalidade en liña ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao comezo de curso un calendario específico de titorías compatibles coa súa dedicación e asistencia. As titorías, que haberá que solicitar con antelación, realizaranse preferentemente de maneira virtual (vía Teams ou correo electrónico). O material de traballo utilizado na clase, porase a disposición a través da plataforma virtual da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	B5 B17 C6	A presentación dos traballos, no formato que se defina, dará como resultado unha puntuación complementaria da materia. No inicio da materia decidirase o formato da presentación dos traballos, de maneira consensuada co alumnado.	10
Investigación (Proxecto de investigación)	A2 B6 B13 C3 C5 C7	O proxecto de investigación contará co grosor da puntuación da materia. Valorarase a descrición clara do problema obxecto de estudo, a escolla adecuada das técnicas de análise, a exposición ordenada dos resultados e as conclusións pertinentes e oportunas.	90



Observacións avaliación

A avaliación da materia "Deseño de proxectos e traballos de investigación" será conxunta coa materia de "Taller de actualización e transferencia". Só será preciso entregar un traballo conxunto para ambas materias.

É condición indispensable para superar a materia, obter como mínimo no traballo de investigación, a metade da máxima cualificación outorgable (5 de 10).

A avaliación do alumnado da modalidade en liña ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia, será igual que a do alumnado con dedicación completa. Salvo polas sesións de traballo de campo das que estarían eximidos/as buscando unha alternativa compatible con esta modalidade.

Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación e traballos cualificables serán iguais aos propostos para a 1ª convocatoria.

O alumnado en modalidade en liña poderá contar con tutorías vía Teams (previa cita) ou por correo electrónico.

O plaxio no traballo individual, unha vez comprobado, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente.

Fontes de información

Bibliografía básica

- García Ferrando, M.; Ibáñez, J. y Alvira Martín, F. (1986,2000). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza
 - Viedma, A. y Callejo, J. (2005). Proyectos y estrategias de investigación social: la perspectiva de la intervención . Madrid: McGraw-Hill
 - Hernández Sampieri, R.; Fernández Collado, C. y Baptista Lucio, M. P. (2010). Metodología de la investigación. Madrid: McGraw-Hill
 - Corbetta, P. y Fraile Maldonado, M. (2003). Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill
 - Creswell, John W. (1994). Research design: qualitative and quantitative approaches. Thousand Oaks: Sage
 - Hesse-Biber, N. y Leavy, P. (eds). (2006). Emergent methods in social research. Thousand Oaks: Sage
 - Quivy, R. y Campenhoudt, L. V. (2005). Manual de Investigación en Ciencias Sociales. México: Limusa
 - López Roldán, P. y Fachelli, S. (2015). Metodología de la Investigación Social Cuantitativa. Bellaterra: Dipòsit Digital de Documents, Universitat Autònoma de Barcelona
 - González Mateos, A. y Salido Ruiz, G. (2013). Diseño de un proyecto de investigación básico. Universidad de Extremadura
 - Martín Gutiérrez, I. (ed.) (2016). Diseño de proyectos de investigación-desarrollo y propuestas metodológicas. Universidad Técnica Particular de Loja
 - Bravo Almonacid, F. y Galar, S. (2020). Avanzar hacia la construcción de un problema de investigación cualitativo. Universidad Nacional de Entre Ríos
 - Platero Méndez, R.L. (2015). ¿Es el análisis interseccional una metodología feminista y queer?. Universidad del País Vasco
 - Rodríguez Gabarrón, L. y Hernández Landa. L. (1994). Investigación participativa. Centro de Investigaciones Sociológicas
 - Platero Méndez, R.L. (2015). ¿Es el análisis interseccional una metodología feminista y queer?. Universidad del País Vasco
 - Rodríguez Gabarrón, L. y Hernández Landa. L. (1994). Investigación participativa. Centro de Investigaciones Sociológicas
 - Platero Méndez, R.L. (2015). ¿Es el análisis interseccional una metodología feminista y queer?. Universidad del País Vasco
 - Rodríguez Gabarrón, L. y Hernández Landa. L. (1994). Investigación participativa. Centro de Investigaciones Sociológicas
- A bibliografía é orientativa.



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Alvira Martín, F. (2011). La encuesta: Una perspectiva general metodológica. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas- Cea D'Ancona, M. A. (2004). Métodos de encuesta: Teoría y práctica, errores y mejora. Madrid: Síntesis- Delgado, J. M. y Gutiérrez, J, (coord.) (1994). étodos y técnicas cualitativas de investigación en Ciencias Sociales.. Madrid: Síntesis- Jorge Sierra, E. (2003). Nuevos elementos para la reflexión metodológica en sociología. Del debate cuantitativo/cualitativo al dato complejo. Papers, 70, 57-81- King, G., Verba, S. y Keohane, R. O. (2000). El diseño de la investigación social. La inferencia científica en los estudios cualitativos.. Madrid: Alianza- Lozares, C.; Martín, A. y López, P. (1998). El tratamiento multiestratégico en la investigación sociológica.. Papers, 55, 27-43- Valles Martínez, M. (1997,2003). Técnicas cualitativas de investigación social: reflexión metodológica y práctica profesional. Madrid: Síntesis- Warbuton, Nigel (2012). Cómo aprender a escribir. Barcelona: Paidós- Thomas, J. y Harden, A. (2008). Methods for the Thematic Synthesis of Qualitative Research in Systematic Reviews. BMC Medical Research Methodology 2008, 8(45)
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fontes de información e técnicas estatísticas para a análise das políticas sociais/615525007

Técnicas cualitativas para a análise dos discursos e as realidades sociais/615525008

Deseño, xestión e avaliación de políticas sociais/615525009

Investigación-acción participativa, acción comunitaria e xestión das organizacións sociais/615525010

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Taller de actualización e transferencia/615525030

Traballo Final de Mestrado (TFM)/615525031

Materias que continúan o temario

Observacións

O alumnado (independentemente da modalidade escollida) deberá revisar regularmente o campus virtual da materia e consultar os documentos.

A vía de comunicación co profesorado da materia será a institucional, é dicir, o correo da udc. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...) Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías